



Concello de Guitiriz

BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE 5 PEÓNS/A FORESTAL PARA O OBXECTO DE “SERVIZO DE CONSERVACIÓN FORESTAL” NO CONCELLO DE GUITIRIZ MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO AMPARO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto a **selección de 5 peóns/as forestais a xornada completa**, na modalidade de contrato de traballo temporal coa clausula específica de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, utilizando a oposición como sistema de selección, para a realización da obra ou servizo denominado: “SERVIZO DE CONSERVACIÓN FORESTAL”, segundo a Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro; código de procedemento TR351G).

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO DOS/DAS TRABALLADORES/AS E FUNCIÓNS.

A duración do contrato será de nove meses dende a súa sinatura, cunha xornada de traballo a tempo completo, a distribución do tempo de traballo será segundo as necesidades do servizo.

As persoas traballadoras recibirán un salario bruto de 1.488,55 euros/mes, por tódolos conceptos, incluída a parte proporcional de paga extra que lles corresponda. Estas retribucións salariais fanse segundo o Convenio colectivo de ámbito provincial para o persoal laboral do Concello de Guitiriz, publicado no DOG nº 153 do 10 de agosto de 2005 e coas retribucións aprobadas na ficha nº 24 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Guitiriz (BOP de Lugo nº 72 de 26 de marzo de 2024) e actualizado cos incrementos que corresponden segundo as leis de orzamentos xerais do estado.

Os peóns/as do Servizo de Conservación Ambiental, ao que pertence o Servizo de Conservación Forestal, son:

- Operarios do servizo de medio ambiente e infraestruturas para valorización forestal, traballos de desbroces e limpeza para a prevención de incendios forestais, limpeza de camiños, espazos públicos, zonas verdes, espazos naturais, etc.
- Operarios da brigada verde, coas tarefas propias do servizo: limpeza e mantemento de espazos públicos, vías públicas, camiños, rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas.

Tendo en conta a Orde de 22 de xaneiro de 2026 (artigo 1) as persoas seleccionadas e contratadas realizarán tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización





Concello de Guitiriz

forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN.

Para formar parte do proceso selectivo e realizar as probas do mesmo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 e 57 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP):

- *Idade:* Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- *Nacionalidade:* Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do propio TREBEP e o artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- *Capacidade:* Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- *Habilitación:* Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.
- Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía, será obrigatoria a realización dunha proba de galego, de carácter obrigatoria. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto” (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).
- Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, e consecuentemente ser candidatos/as previamente seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa oferta de emprego realizada polo Concello de Guitiriz.

Todos os anteriores requisitos deberánse posuír con referencia ao último día de prazo





Concello de Guitiriz

de presentación das instancias, e mantelos ata o día da contratación. Será nula o contratación dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1.- O Concello de Guitiriz dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de anuncios electrónico do Concello (Sede Electrónica: <https://guitiriz.sedelectronica.gal>), na páxina web e no taboleiro de anuncios físico e presentará unha oferta de emprego ante a Oficina de Emprego de Vilalba facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores/as a contratar conforme á base anterior.

4.2.- O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, debendo remitir ao Concello os candidatos/as correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización de medidas no seu itinerario de inserción profesional, sinalados no artigo 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se proceda a súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do 5 de febreiro), tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD) relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.





Concello de Guiriz

- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego, das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

4.3.- A admisión de candidatos/as procederá da selección realizada polo Servizo Público de Emprego que presentarán instancias no rexistro xeral do Concello para a participación neste proceso selectivo; solicitude de instancia de participación cuxo modelo se adxunta no Anexo I.

4.4.- A instancia de solicitude de participación neste proceso selectivo, acompañarase de:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Declaración de cumprir os requisitos sinalados na cláusula terceira destas bases (Anexo I)
- c) Para acreditar algunha das circunstancias que na Orde se establecen como criterios de preferencia, deberán presentar a documentación correspondente:

Situación da exclusión	Documentación a achegar
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas relacionadas.	Fotocopia da titulación
Mulleres e persoas menores de 30 anos e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Menores de 30 anos sen cualificación profesional	Curriculum remitido pola oficina de emprego
Parados de longa duración e menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego	Informe de Vida Laboral actualizado e Informe do Servizo Público de Emprego
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente
Persoas trans	Documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Civil da rectificación da mención rexistral do sexo
Persoa emigrante retornada	Certificación de emigrante retornado
Persoa estranxeira con autorización ou permiso de residencia e traballo en España	Autorización de residencia e traballo emitido pola Oficina de Estranxería





Concello de Guitiriz

<p>Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero</p> <p>Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.</p> <p>Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.</p> <p>E o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares (ter a cargo o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento</p>	<p>Informe dos servizos sociais municipais</p>
--	--

d) Celga 1 ou documento equivalente, se fora o caso.

e) Autorización de consulta na oficina de emprego.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requerida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Esta documentación deberá acompañar a solicitude de participar neste proceso selectivo, que os interesados presentaran no rexistro de entrada das oficinas municipais ou a través da sede electrónica como instancia xeral ou forma legalmente prevista na Lei 39/2015.

4.5.- O Concello de Guitiriz, unha vez recibida a selección de candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego, poñerase en contacto vía telefónica a efectos de informar da oferta do proceso de selección, indicando aos interesados que deberán presentar a solicitude para participar no proceso. Farase un anuncio na páxina web, taboleiro de anuncios da sede electrónica e taboleiro de anuncios físico da apertura de prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes (anexo I) presentaranse nun prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio de apertura do prazo de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, na sede electrónica do Concello de Guitiriz a través dunha instancia xeral ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común





Concello de Guitiriz

das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario/a de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante correo electrónico a persoal@concellodeguitiriz.com durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídos/s do procedemento de selección.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as e de excluídos/as indicando a causa de exclusión. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica (taboleiro electrónico) e páxina web do Concello (www.concellodeguitiriz.com), concedendo, no seu caso, un **prazo de 2 días hábiles** para a subsanación de deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo de subsanación, a alcaldesa ditará resolución polo que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución sinalarase tamén a constitución do tribunal e o día, hora e lugar na que se realizará a fase de oposición do procedemento de selección, e será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, sede electrónica e páxina web.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

6.1. O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respectando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Emprego Público.

O Tribunal Cualificador estará composto polos seguintes membros titulares:

Presidente/a: un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/ pola Alcaldía.

Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración designados/as pola Alcaldía.

Secretario/a: o Secretario da Corporación Municipal ou persoa en quen delegue

6.2. Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese





Concello de Guitiriz

período con centros de preparación de opositores, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

6.3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.4. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente/a e do Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan. Os tribunais cualificadores poderán celebrar sesións a distancia e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto dos trámites esenciais establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. As sesións celebraránse mediante a utilización da webinar corporativa.

6.5. O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición ou oposición, segundo o caso, en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos na Lei 39/2015.

6.6. O Tribunal poderá dispoñer da incorporación aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen.

6.7. Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal terá a categoría terceira e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste procedemento selectivo.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCION

7.1.- Os/as aspirantes serán convocados/as para o procedemento de selección en chamada única e deberán presentar o seu DNI. A non presentación aos exercicios no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito





Concello de Guitiriz

a participar nas probas e quedará excluído/a do procedemento de selección. Mailo anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar aos aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición. A oposición constará dun exercicio consistente nun suposto práctico:

Proba práctica (unha ou varias a determinar polo tribunal): relacionada coas funcións propias do posto e referidas no Anexo II, a proposta do tribunal, que poderá formular preguntas sobre o mesmo. Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no art. 14.6 da citada Orde relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e se fora o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que serán os que se especifican a continuación e polo seguinte orde de preferencia:

- a) Persoas desempregadas que participaran en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD) relacionadas co ámbito forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego aos que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.





Concello de Guitiriz

- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN E RESOLUCIÓN

Finalizado o proceso selectivo e establecida polo Tribunal por orde decrecente as puntuacións acadadas no procedemento publicará a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, páxina web e sede electrónica.

Os/as interesados/as disporán dun **prazo de 2 días hábiles** contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro xeral ou a través da sede electrónica do Concello de Guitiriz.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolverase polo Tribunal as alegacións existentes e volverase a publicar a lista cos resultados definitivos, o que se publicará na mesma forma que a primeira.

O Tribunal elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

Os candidatos que superasen o proceso e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo para futuras contratacións temporais (substitucións de baixas, renuncias, ...) dentro do mesmo programa Galicia Suma Talento: Rural Activo que ten unha duración de 9 meses de contrato, de xeito que se o Concello precisa cubrir unha baixa acudirá a dita bolsa seleccionando ao primeiro deles e seguindo a orde da lista. Soamente poderá seleccionar ao seguinte cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ao final da lista, salvo que se dera a circunstancia de estar de baixa por incapacidade laboral, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.

9.1.- Os aspirantes seleccionados deberán entregar no rexistro do Concello de Guitiriz, nos **2 días hábiles** seguintes a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, a seguinte documentación agás que xa obrase no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsión, do D.N.I.
- b) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- c) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopa inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en





Concello de Guitiriz

ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

e) Acreditación de ser demandante de emprego a data actual.

9.2.- Quen dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratado, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar na oposición.

Unha vez presentada esa documentación polos/as aspirantes seleccionados/as, ditarse resolución de alcaldía na que se acordarán as oportunas contratacións, e consecuentemente formalizarse o correspondente contrato laboral. Esta resolución notificarase individualmente as persoas interesadas, conforme ao art. 45 da Lei 39/2015.

Establecese un período de proba máximo legal, conforme ao artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

As comunicacións de comparecer a ocupar un posto realizaránse telefónicamente, o que quedará acreditado no expediente a través da oportuna dilixencia asinada polo empregado público que as leve a cabo. Seguiranse as instrucións de chamamentos aprobadas polo Concello de Guitiriz e publicadas no BOP número 113 de data 16/05/2024.

SEPTIMA.- INCIDENCIAS E LEXISLACION APLICABLE.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases. En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.





Concello de Guitiriz

- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases da convocatoria da Xunta de Galicia ao abeiro do Programa Aprox Rural 2025 da Orde do 05/03/2025 (DOG número 50 de data 13/03/2025).





Concello de Guitiriz

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO AMPARO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O OBXECTO DE “SERVIZO DE CONSERVACION FORESTAL”.

D/Dona,
con D.N.I. núm. e domicilio a efectos de notificación no municipio
de, na
rúa n.º....., piso,
C.P., teléfono e endereço
electrónico
Nº de afiliación a Seguridade Social

Informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Guitiriz para 5 postos de peóns forestais como persoal laboral temporal do Concello de Guitiriz, mediante o sistema de oposición libre, de acordo ás bases publicadas na sede electrónica, páxina web e tableiro de anuncios do Concello de Guitiriz.

Declara responsablemente :

- Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego non ocupado e con dispoñibilidade para o emprego.
- Que non padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que cumpre todos os requisitos esixidos na cláusula 3.^a das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e a continuar en posesión dos mesmos ata a formalización do contrato.

SOLICITA:

- 1.- Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:
 - Fotocopia do D.N.I. en vigor.
 - No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:
 - No seu caso, CELGA 1 ou superior para quedar exento/a da realización da proba de coñecemento da lingua galega.





Concello de Guitiriz

Así mesmo, SÍ/NON AUTORIZA a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RUA DO CONCELLO Nº 4, 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos: info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para xestionar e desenvolver o proceso selectivo ao que vostede se presenta segundo as Bases do mesmo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.
2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento as obrigacións administrativas.
3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo cumprimento legal e polo consentimento que nos outorga coa firma e presentación da instancia.
4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ non se cederán datos a terceiros, salvo por obriga legal.
5. DEREITOS: vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento, para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos.
6. INFORMACION ADICIONAL:
 - Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consultala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>
Os seus datos persoais e/ou calificacións poderán ser expostos para dar publicidade ao proceso selectivo no taboleiro de anuncios e/ou na Sede Electrónica segundo a normativa vixente e atendendo ao principio de minimización de datos.

En, a de de 202....

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





Concello de Guitiriz

ANEXO II.- TEMARIO

Tema 1.- A Administración Local. O persoal ao servizo da Administración Local. Órganos de decisión colexiados e unipersonais.

Tema 2.- O Concello de Guitiriz, características socioeconómicas, demográficas e xeográficas. Espazos naturais e protexidos, parques e instalacións municipais.

Tema 3.- Tarefa común de roza, poda, tala e eliminación de residuos. Equipos e máquinas de limpeza e roza.

Tema 4.- Seguridade e saúde nos traballos de mantemento. Precaucións especiais na utilización de traballos, maquinaria e materiais.

Tema 5.- Valorización forestal, traballos de desbroces e limpeza para a prevención de incendios forestais, limpeza de camiños, espazos públicos, zonas verdes, espazos naturais, etc.

